



PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO
VALCÁRCEL**

CURSO 2023 - 2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CONTEXTUALIZACIÓN	2
3. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	3
4. HORARIO	4
5. OBXECTIVOS XERAIS	4
6. METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN	5
7. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACCIÓN PARA ESTE CURSO	6
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE POSTAS EN MARCHA	7
9. CRITERIOS DE PRIORIDADE Á HORA DE APLICAR OS APOIOS POR PARTE DOS MESTRES/AS ESPECIALISTAS DE PT E AL	8
11. AVALIACIÓN	12
ANEXOS	14

1. INTRODUCCIÓN

No contexto educativo actual, considérase a orientación como inherente á propia acción educativa, pois trata de contribuír á formación integral do alumnado, coa finalidade de capacitalo para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade ao longo de toda a súa vida, tamén a implicación e o asesoramento das familias e do resto dos axentes da comunidade educativa.

Baixo esta concepción entendemos a orientación como un proceso que comeza dende as primeiras idades e que se prolonga ao longo de toda a vida, que nos permite a prevención e detección temperá das dificultades no desenvolvemento cognitivo, lingüístico, motor e socioemocional e na aprendizaxe educativa e profesional. Tamén será un proceso de asesoramento permanente a toda a comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado, asociacións, servizos sociais...), baixo un plan de actuación común a todos os implicados/as.

Tendo en conta isto o Departamento de Orientación do CEIPP Vicente Otero Valcárcel presenta a programación prevista para levar a cabo no curso 2023-2024, tendo en conta a lexislación vixente ao respecto (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, Decreto 120/1998, *do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*) as instrucións da Dirección Xeral para este curso, as necesidades e características reais do centro así como a súa situación actual, e tendo en conta tamén as reflexións levada a cabo na memoria do pasado curso escolar.

Esta programación terá carácter flexible e revisable, aspecto necesario para adaptarse ás necesidades que podan ir xurdindo ao longo do curso en materia de orientación.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento de Orientación para o que é deseñado o presente plan de actividades, é un departamento cun centro adscrito o CEIP de Tabeaio.

O centro base está situado no núcleo urbano de Carral, mentres que o centro adscrito atópase na parroquia de Tabeaio, a uns 3 quilómetros de distancia.

O CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel na actualidade acolle arredor de 445 alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria, distribuídos en 6 unidades de EI e 18 de EP.

Todas as aulas do centro atópanse ubicadas no mesmo edificio, distribuídas en tres plantas. Contamos tamén con aula de Música, aula de Polos Creativos, aula de Relixión, aula de usos múltiples/ psicomotricidade, tres aulas de apoio (unha de PT e dúas de AL), Createca,

Biblioteca e Radio escolar, dous comedores, cociña, Sala de Mestres, conserxería, oficinas (Administración, Secretaría, Xefatura, Orientación e Dirección) e ascensor.

O centro conta cos servizos complementarios de transporte e comedor escolar de xestión propia. O horario lectivo desenvólvese de 9.20 a 14.20 h., de luns a venres. Os luns pola tarde, de 15.30 a 18.30 h, é o horario destinado a titorías coas familias e reunións. De martes a venres a Biblioteca escolar está aberta á comunidade educativa, de 15.20 a 17.20 h.

Hai que dicir que nos últimos cursos aumentou o número de alumnado procedente doutros países, polo que este Plan terá en conta a realidade cambiante do Concello de Carral, e dará resposta aos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo derivadas de incorporación tardía ao Sistema Educativo.

No CEIP de Tabeaio escolarízanse nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e os 7 anos de idade, e conta con dúas aulas independentes, unha para o alumnado de educación infantil e outra para o alumnado dos dous primeiros cursos de educación primaria, sendo o CEIP Vicente Otero Valcárcel o centro de referencia para a escolarización deste alumnado en 3º de Educación Primaria.

A xefatura do Departamento de Orientación exerce o seu traballo en ámbolos dous centros, tendo que desprazarse entre o centro base (CEIP Vicente Otero Valcárcel) e o centro adscrito (CEIP de Tabeaio) cando sexa preciso por necesidades do servizo de orientación.

3. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A composición do Departamento de Orientación para o presente curso 2023-2024 é:

- Lidia Bello Novo, mestra especialista en Pedagogía Terapéutica con destino definitivo no centro.
- Emilio Manuel González Villamil, mestre especialista de Pedagogía Terapéutica en comisión de servizo de atención preferente ao alumno C.M.B.(5ºA).
- Víctor Caamaño Huelin, mestre especialista en Pedagogía Terapéutica con destino provisional no centro, itinerante ao CEIP de Tabeaio.
- Mª Ángela Precedo No, mestra especialista de Audición e Linguaxe con destino definitivo no centro.
- Marta López Geada, mestra especialista de Audición e Linguaxe con destino provisional, itinerante ao CEIP de Tabeaio.
- Jessica Gómez Ponte, coordinadora do 2º ciclo de Educación Infantil.
- Verónica Martínez Grandío, coordinadora do 1º ciclo de Educación Primaria.
- Cristina Pedreira Fuentes, coordinadora do 2º ciclo de Educación Primaria.
- Andrea Méndez Cores: coordinadora do 3º ciclo de Educación Primaria.
- Cristina Gómez Villaverde, mestra de apoio PROA+
- Carmen Fernández Andón: responsable do CEIP de Tabeaio.
- Eva Mª López Díaz: xefa do DO.

4. HORARIO

O horario da Xefa do Departamento de Orientación para o presente curso escolar será:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:20 - 10:10	Atención familias	Coordinación con servizos externos	Orientación	Orientación	Atención familias
10:10 - 11:00	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
11:00 - 11:50	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
11:50 - 12.20	Recreo				
Hora de ler 12:20 - 12:40	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
12:40 - 13:30	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
13:30-14:20	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
15:30 - 16:30	Reunións				
16.30-17.30	Atención familias				
17.30 - 18.30	Reunións				

O luns pola tarde de 15:30 a 18:30 será o día de permanencia no centro: de 15:30 a 16:30 serán as reunións semanais de coordinación dos especialistas de PT e AL coa XDO, de 16:30 a 17:30 será a hora de atención ás familias, de 17:30 a 18:30 será a hora dedicada a reunións de ciclo (a orientadora está adscrita ao 2º ciclo de Educación Infantil), reunións de equipos de coordinación docente (a orientadora está adscrita ao Equipo de Convivencia e Benestar), reunións de CCP, Claustros e reunións mensuais do DO completo.

A orientadora desprazarase ao centro adscrito, sempre que sexa preciso, para cumprir as funcións de orientación nese centro e atender ás necesidades que poidan xurdir no mesmo ao longo do presente curso escolar.

5. OBXECTIVOS XERAIS

Como obxectivos principais para este curso propoñemos os seguintes, que consideramos como obxectivos xerais da Orientación e a ter en conta dun xeito permanente:

- Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación dos alumnos/as do contorno e de ensinar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do proxecto educativo, que incluírá as concrecións curriculares, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, sobre todo no relacionado coa avaliación e promoción deste alumnado.
- Facer propostas á CCP sobre a atención pedagóxica, organizativa e proceso de avaliación e promoción do ACNEAE.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, o plan de orientación, que incluírá o plan de acción tutorial, incidindo no

desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas dos alumnos/as conforme á normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Deseñar accións encamiñadas a atención temperá, a prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presente o alumnado.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de etapa ou a resolución de conflitos inter ou intrapersoais, dificultades específicas de aprendizaxe e necesidades educativas especiais.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de innovación educativa nos ámbitos relativos a inclusión e atención á diversidade, hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, resolución de conflitos, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro aspecto relacionado co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e/ou fillas.
- Solicitar asesoramento, intervención e/ou cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico de A Coruña no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Establecer canles de comunicación e/ou coordinación cos diferentes servizos ou institucións (SS.SS. do Concello de Carral, servizos médicos, centros educativos...) e coas asociacións ou entidades que contan con convenio de colaboración coa Consellería de educación da Xunta de Galicia.
- Organizar as medidas de atención á diversidade e determinar os criterios de aplicación das mesmas.
- Asesorar e consensuar con xefatura de estudos os horarios das aulas que escolarizan a alumnado con NEAE para que se teñan en conta criterios pedagóxicos e as necesidades destes alumnos/as.

6. METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN

O Departamento de Orientación actuará da seguinte forma:

1. O DO propondrá as actividades de orientación e tutoría do CEIP coordinando a aplicación das mesmas.

Para levar a cabo estas tarefas colaborará con:

- Equipo Directivo: a través de xefatura de estudos con quen planificará e dirixirá estas actividades. Con este obxectivo, levaranse a cabo todas as reunións que sexan pertinentes.
 - A Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - Titores/as, a través de reunións para coordinación/seguimento coa orientadora.
2. Os/as titores/as formularán propostas para incluír no PAT (Plan de Acción Titorial).
 3. A xefa do DO, os mestres especialistas de Pedagogía Terapéutica e as mestras especialistas de Audición e Linguaxe organizarán as medidas de atención á diversidade xunto con xefatura de estudos. Os mestres especialistas de PT e as mestras especialistas de AL, planificarán as actividades a levar a cabo co alumnado que presente Necesidades Específicas de Apoio Educativo, en colaboración cos titores/as e co resto do profesorado que lles imparte clase. Cremos necesario dicir que este curso contamos co seguinte persoal especialista:
 - 1 mestra especialista en PT a tempo completo definitiva.
 - 1 mestre especialista en PT , compartido co CEIP de Tabeaio, provisional.
 - 1 mestre especialista de PT en comisión de servizo por atención preferente.
 - 1 mestra especialista de AL a tempo completo definitiva.
 - 1 mestra especialista de AL, compartida co CEIP de Tabeaio, provisional.
 - 1 mestra especialista en PT, a media xornada, do programa PROA+
 4. Semanalmente celebrarase unha reunión do DO á que acudirán os mestres especialistas de PT e AL e a Xefa do Departamento. Un luns de cada mes, terá lugar unha reunión do DO completo, incluíndo as mestras coordinadoras de ciclo, e a mestra responsable do CEIP adscrito. Levantarase acta destas reunións.
 5. O DO establecerá reunións coas familias, organismos oficiais e servizos médicos sempre previa cita. Buscarase en todo momento facilitar a coordinación e seguimento con distintas institucións.

7. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACCIÓN PARA ESTE CURSO

As liñas de acción para o curso 2023-2024, do DO serán as seguintes:

- Promover programas e accións para o coidado emocional da comunidade educativa.
- Revisar as necesidades do Departamento, e seguir dotándoo do material preciso para levar a cabo tarefas de avaliación, acción titorial, orientación académica,
- Revisar o Plan de Orientación, que inclúe o Plan Xeral de Atención a Diversidade, o Plan de Acción Titorial e o Plan de Acolida.

- Asesorar e facer propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica nos temas de índole pedagóxico/didáctico que vaian xurdindo ao longo do curso.
- Analizar as necesidades educativas do alumnado e facer as correspondentes avaliacións psicopedagóxicas cando sexa preciso.
- Revisar e actualizar os informes psicopedagóxicos do alumnado.
- Asesorar ao profesorado para realizar e desenvolver as AC, no caso de ser necesario.
- Atender e asesorar individualmente ao alumnado, tanto por petición do propio alumno/a, do profesorado como das propias familias.
- Asesorar ás familias e implicalas nas tarefas do centro e no proceso de ensino/aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Colaborar e asesorar ao profesorado e ao equipo directivo para poder levar á cabo as tarefas educativas, o desempeño das súas funcións e para dar resposta as súas necesidades.
- Colaborar no desenvolvemento e organización do programa de acompañamento emocional "Educando en Valores" do Concello de Carral.
- Colaborar co Servizo de Atención Temperá do Concello de Carral, destinado ao alumnado de EI.
- Atender as demandas, favorecer a coordinación e a atención directa ao CEIP de Tabeaio, centro incompleto adscrito ao DO do CEIPP Vicente Otero Valcárcel.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE POSTAS EN MARCHA

Segundo o artigo 7 do Decreto 229/2011 de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación., entendemos por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias. Atendendo a dito artigo recóllese na presente concreción as medidas que se poñen en marcha para o presente curso académico, tendo en conta que estas son susceptibles de modificacións durante o mesmo, posto que estarán suxeitas ás necesidades do alumnado en cada momento.

MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	
Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Levada a cabo para todo o alumnado do centro educativo
Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Levada a cabo para todo o alumnado do centro educativo.
Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación	Levada a cabo polos titores e titoras que así o consideren preciso.
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	O Reforzo Educativo, será susceptible de levalo a cabo o titor/a ou mestre/a que imparta a materia. Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Este curso todos os grupos terán apoio do profesorado de dispoñibilidade horaria.
Elaboración de Plan específico de reforzo o recuperación e apoio (alumnado con repetición ordinaria)	<ul style="list-style-type: none"> - 2º EP: 2 alumnos/as - 4º EP: 4 alumnos/as - 6º EP: 1 alumno/a
Programas de habilidades sociais	Todo o alumnado do centro educativo

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	
Adaptacións Curriculares	<ul style="list-style-type: none"> - 5º EP: 2 alumnos/a - 6º EP: 1 alumno/a
Apoio do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe	Este alumnado está suxeito a continuas variacións segundo as necesidades do centro e do alumnado, polo que non se especifica neste apartado o alumnado atendido por ser un proceso con moitas modificacións.

9. CRITERIOS DE PRIORIDADE Á HORA DE APLICAR OS APOIOS POR PARTE DOS MESTRES/AS ESPECIALISTAS DE PT E AL

Partindo da base dunha correcta atención á diversidade na totalidade do alumnado, os criterios de prioridade de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) son:

- 1º - Alumnado que presente necesidades educativas especiais (NEE).
- 2º - Alumnado con adaptación curricular (AC).
- 3º - Os alumnos/as que presenten NEAE por retraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e comunicación, e por trastornos de atención ou de aprendizaxe.
- 4º - Alumnado con descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe e alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo con descoñecemento das linguas oficiais e/ou desfase curricular.

5º - Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural que requira dunha atención educativa diferente á ordinaria.

6º - Alumnado con altas capacidades intelectuais.

7º - Casos de non promoción, atendendo en primeiro lugar a aqueles que presentan maiores dificultades na consecución das competencias e obxectivos de etapa, tendo en conta que os titores/as destes alumnos/as teñen que elaborar e aplicar para eles un Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

10. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE	TEMPORALIZACIÓN
Bolsas e axudas NEAE: asesoramento ás familias, certificados e informes.	setembro
Elaborar o PAAO	setembro
Concreción anual PAT	setembro
Concreción anual PXAD	setembro
Revisión do Plan de Orientación	setembro
Organizar os apoios do alumnado con NEAE	setembro
Horarios de PT e AL	setembro
Horarios PAC	setembro
Asistir ás reunións de avaliación inicial	setembro
Adaptacións curriculares: reunión, asesoramento e elaboración de informes	outubro
Selección de alumnado beneficiario do PROA+	outubro
Horario PROA+	outubro
Solicitudes de intervención do EOE	outubro
Actualización de informes psicopedagóxicos para a solicitude de intervención do EOE	outubro
Avaliación psicopedagóxica	novembro/décembro
Elaboración de informes psicopedagóxicos	décembro
Reunións coas familias (resultados das avaliacións psicopedagóxicas)	décembro
Planificación e desenvolvemento da actividade para a conmemoración do "Día Internacional das persoas con Discapacidade" (3 de decembro)	novembro
Reunións co profesorado titor	décembro

(resultados das avaliacións psicopedagóxicas)	
Reunións con Servizos Sociais	Mensuais
Reunións semanais do D.O	Semanais (luns pola tarde)
Reunións do Equipo de Convivencia	Mensuais (luns pola tarde)
Reunións de Ciclo	Mensuais (luns pola tarde)
Reunións con outros servizos: UACO, EOE, SAT, ONCE...	Setembro/outubro/novembro/décembro
Elaboración de informes de seguimento para os servizos sanitarios	Cando soliciten, segundo as citas de seguimento médico.
Elaboración de informes solicitados por Inspección (PAC, horarios profesorado itinerante...)	Cando soliciten, segundo prazo establecido
Elaboración de informes solicitados por Menores, Servizos sanitarios etc.	Cando soliciten, segundo prazo establecido
Atención ao alumnado de incorporación tardía: Valoración inicial, Entrevista á familia e Informe, se procede	Cando se incorpore o alumno ou a alumna ao centro
Reunións con familias e profesorado para asesoramento e orientacións	Durante todo o trimestre, sempre que sexa necesario.
Asistir ás xuntas de avaliación	Décembro

ACTIVIDADES 2º TRIMESTRE	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación psicopedagóxica	xaneiro/febreiro/marzo
Elaboración de informes psicopedagóxicos	xaneiro/febreiro/marzo
Reunións coas familias (resultados das avaliacións psicopedagóxicas)	xaneiro/febreiro/marzo
Reunións co profesorado titor (resultados das avaliacións psicopedagóxicas)	xaneiro/febreiro/marzo
Actualización do Plan de Orientación	febreiro/marzo
Reunións con Servizos Sociais	Mensuais (xaneiro/febreiro/marzo)
Reunións do D.O	Mensuais (xaneiro/febreiro/marzo)
Reunións do Equipo de Convivencia	Mensuais (xaneiro/febreiro/marzo)
Reunións de Ciclo	Mensuais (xaneiro/febreiro/marzo)
Reunións con outros servizos: UACO, EOE, SAT...	xaneiro/febreiro/marzo
Elaboración de informes solicitados por Inspección, Servizos Sanitarios, Menores...	Cando o soliciten, segundo o prazo establecido

Atención ao alumnado de incorporación tardía: Valoración inicial Entrevista á familia Informe, se procede	xaneiro/febreiro/marzo
DRDadi	Cando o soliciten, segundo o prazo establecido
Reunións con familias e profesorado para asesoramento e orientacións	xaneiro/febreiro/marzo
Asistir ás xuntas de avaliación	marzo

ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación psicopedagóxica	abril
Elaboración de informes psicopedagóxicos	abril/maio
Reunións coas familias (resultados das avaliacións psicopedagóxicas)	abril/maio
Reunións co profesorado titor (resultados das avaliacións psicopedagóxicas)	abril/maio
Informes iniciais do alumnado con NEAE. Proceso de admisión curso2024/2025	abril
Reunión co DO do IES de Carral	maio/xuño
Reunións con Servizos Sociais	Mensuais (abril e maio)
Reunións con outros servizos: UACO, EOE, SAT...	abril/maio/xuño
Elaboración de informes solicitados por Inspección, Servizos Sanitarios, Menores...	abril/maio/xuño
Atención ao alumnado de incorporación tardía: Valoración inicial, entrevista á familia e informe, se procede.	abril/maio/xuño
Memoria do Departamento de Orientación	maio/xuño
Coordinar co IES de Carral a Xornada para o alumnado de 6º EP	maio/xuño
Organización e desenvolvemento da Xornada no CEIP P Vicente Otero Valcárcel para o alumnado do CEIP de Tabeaio	maio/xuño

Organización e desenvolvemento da Xornada no CEIPP Vicente Otero Valcárcel para o alumnado da Galiña Azul	maio/xuño
Revisión e actualización de informes psicopedagóxicos do alumnado de 6º EP que promociona á ESO	xuño
Informes final de etapa do alumnado con NEAE que promociona á ESO.	xuño
DRDorienta	xuño/xullo

11. AVALIACIÓN

Para propoñer uns obxectivos e poder constatar cal é o seu grao de consecución é necesario levar a cabo un proceso de avaliación. Neste caso a avaliación abranguerá tres momentos:

- **Avaliación inicial:** servirá para obter información do punto de partida. Para iso empregaranse os datos da memoria final, a avaliación global do alumnado do curso pasado, os datos obtidos da avaliación inicial dos alumnos de Educación infantil así como as demandas realizadas nos distintos niveis, partindo sempre do coñecemento dos recursos materias e humanos cos que se contan.
- **Avaliación continua:** terá carácter formativo. Permitirá adaptar as nosas actuacións ás demandas e necesidades existentes. Basearase nos resultados das diferentes actividades que se leven a cabo, ademais da valoración sobre elas de docentes, familias, etc. Dunha forma periódica, reunirse o DO para analizar a marcha das diferentes actividades e programas propostos para este curso académico, realizando as oportunas melloras e modificacións. Farase unha revisión trimestral de ditas actividades.
- **Avaliación final:** teranse en conta os datos das outras avaliacións e as reflexións do profesorado que permitirán saber se os obxectivos propostos foron axeitados e realistas, co fin de contribuír á mellorar para o vindeiro curso.

No mes de xuño realizarase a avaliación deste Plan, dos procesos e dos resultados, que se incorporará á Memoria do Departamento de Orientación que incluírá unha reflexión sobre os logros acadados e as dificultades atopadas, así como posibles medidas para paliar e establecendo plans de mellora.

Entre os **criterios de avaliación** que se terán en conta, cabe subliñar os seguintes:

- Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos.
- Implicación e participación dos diferentes profesionais.

Para concluír, resaltar que esta programación terá un carácter aberto, flexible e revisable co obxecto de contribuír á mellorar a calidade do ensino.

Os instrumentos que empregaremos para a avaliación de dito plan atenderán a criterios de variedade e flexibilidade, algúns deles relaciónanse a continuación:

1. Debates (titoras, alumnado,.....)
2. Observación.
3. Análise de tarefas.
4. Entrevistas.
5. Enquisas.
6. Reunións.

A Xefatura do Departamento de Orientación
do CEIPP Vicente Otero Valcárcel

ANEXOS

ANEXO I

PROTOCOLO DE DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Registro de entrada

Primaria

No proceso de avaliación do alumno/a que se solicita, é necesario a túa colaboración sobre os puntos que se indican máis abaixo polo contacto que mantés diariamente cos alumnos/as. Se desexas engadir máis información, podes achegar un folio.

Datos da demandante:

Nome: _____

Titoría: _____

Materia ou materias que imparte: _____

Curso: _____

Datos persoais do alumno ou alumna:

Nome: _____

Curso: _____ Idade: _____

Data de nacemento: _____

Nome da nai: _____

Nome do pai: _____

Nº de irmáns: _____ Lugar que ocupa: _____

Familiares que conviven co/a neno/a: _____

Enderezo: _____

Teléfonos de contacto: _____

Datos psicobiolóxicos:

Presenta algún problema de Visión ou Audición? _____ Cales? _____

Alteracións físicas ou algún outro problema de saúde: _____

Área de Matemáticas:

Outras áreas:

Outros datos de interese a destacar:

Motivo fundamental da demanda:

Medidas de Reforzo Educativo, ou outras medidas de atención á diversidade, tomadas ata o momento:

Que percepción crees que ten a familia do problema do seu fillo/a?

Outras Observacións:

Acreditación da información á familia:

Achégase a este documento a declaración de ser coñecedores do proceso de avaliación psicopedagóxica, asinada pola familia do alumno ou da alumna, amosando a súa conformidade coa mesma.

Carra, a _____ de _____ de 20__

Asdo: A Orientadora

Asdo: A/O Demandante

ANEXO II

**PROTOCOLO DE DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
(EDUCACIÓN INFANTIL)**

Rexistro de entrada

No proceso de avaliación do alumno/a que se solicita, é necesario a túa colaboración sobre os puntos que se indican máis abaixo polo contacto que mantés diariamente cos alumnos/as. Se desexas engadir máis información, podes achegar un folio.

Datos da demandante:

Nome:_____

Titoría:_____

Materia ou materias que imparte:_____

Curso:_____

Datos persoais do alumno/a:

Nome:_____

Curso:_____

Idade:_____

Data de nacemento:_____

Nome da nai:_____

Nome do pai:_____

Nº de irmáns:_____ Lugar que ocupa:_____

Familiares que conviven co/a neno/a:_____

Enderezo:_____

Teléfonos de contacto:_____

Datos psicobiolóxicos:

Presenta algún problema de Visión ou Audición?_____

Cales?_____

Alteracións físicas ou algún outro problema de saúde:

Datos Escolares:

Antecedentes escolares: (colexios anteriores, cursos repetidos, apoios recibidos,...)

Motricidade: locomoción, coordinación corporal, motricidade grosa, motricidade fina, esquema corporal, lateralidade,.....

Capacidade en: linguaxe, comprensión de ideas, memoria, atención, resolución de problemas, conceptos básicos,.....

Autoestima: confianza nas súas posibilidades, iniciativa, tolerancia ante a frustración,.....

Relacións Interpersoais: relación con outros nenos/as no traballo e no xogo, actitude de pasividade, submisión e liderado, relación coa mestra, co adulto,.....

Adaptación escolar: adaptación ao ritmo e normas da escola.

Describe o máis significativo en:

Autonomía:

Coñecemento do contorno:

Linguaxe:

Outras áreas:

Outros datos de interese a destacar:

Motivo fundamental da demanda:

Aspectos de Intervención xa realizados:

Que medidas tomaches e cales foron os resultados?

Que percepción crees que ten a familia do problema do seu fillo/a?

Outras Observacións:

Acreditación da información á familia:

Achégase a este documento a declaración de ser coñecedores do proceso de avaliación

psicopedagógica, asinada pola familia do alumno ou da alumna, amosando a súa conformidade coa mesma.

Carral, a _____ de _____ de 20__

Asdo: Orientadora

Asdo: Demandante

**ANEXO III
SOLICITUDE DOS PAIS, NAIS OU TITORES/AS LEGAIS PARA A INTERVENCIÓN DO
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Registro de entrada

Don/Don_____

con DNI _____, en calidade de nai, pai ou titor/a legal do
alumno/a_____, con data de
nacemento _____, escolarizada no ____ curso de Educación Primaria.
Teléfono de contacto: _____.

SOLICITO a intervención do Departamento de Orientación para a realización dunha avaliación
psicopedagóxica polos seguintes motivos:

Polo tanto AUTORIZO a que o noso fillo/a sexa avaliado/a polo Departamento de Orientación do
CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel, para realizar as valoracións que se consideren axeitadas
e determinar, no caso que corresponda, as súas necesidades específicas de apoio educativo e
poder dar a resposta máis axeitada ás mesmas.

En Carral, a _____ de _____ de 20____.

ASINADO:

O pai, a nai ou o/a titor/a legal do alumno.

ANEXO IV

INFORMACIÓN AOS PAIS, NAIS OU TITORES/AS LEGAIS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Don/Dona _____
con DNI _____, en calidade de nai, pai ou titor/a legal do
alumno/a_____

Declaro ter sido informado/a de que se lle vai realizar unha avaliación psicopedagóxica o meu fillo/a para determinar, no caso que corresponda, as súas necesidades específicas de apoio educativo e poder dar a resposta máis axeitada ás mesmas.

Unha vez informado/a ASINO o presente documento amosando a miña CONFORMIDADE con que o meu fillo ou a miña filla sexa avaliado/a polo Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel.

ASINADO:

Carral, a _____ de _____ de 20____.

ANEXO V

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO. (Art. 50 da Orde do 8 de setembro de 2021)	
Curso 20.... / 20.... CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Data:

a) Identificación da alumna ou do alumno.		
NOME E APELIDOS		DATA DE NACEMENTO
ETAPA:	NIVEL:	GRUPO:
Titor/a:		

b) Necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
<input type="checkbox"/> Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumno/a. <input type="checkbox"/> Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. <input type="checkbox"/> Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. <input type="checkbox"/> Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación. <input type="checkbox"/> Aulas de atención educativa e convivencia. <input type="checkbox"/> Reforzo educativo. <input type="checkbox"/> Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. <input type="checkbox"/> Outras (Indicar cales):

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no desenvolvemento do Plan.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do Plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.

Carral, _____ de _____ de 20____.

O/A MESTRE/A TITOR/A

Asdo. _____